



FÁLAME DA EMIGRACIÓN. O VALOR DA EXPERIENCIA
Exposición fotográfica
«Nós tamén fomos emigrantes»

//Afundación

Obra Social ABANCA

Exposición 1





Madrid, setembro de 1941. Persoas á porta da Delegación Nacional de Sindicatos, inscribíndose para traballaren en Alemaña.

1

Para comentar

Nos anos corenta, co remate da guerra civil, comezan de novo os fluxos migratorios.

España vive un momento de autarquía económica e escaseza, o que empurra moitas persoas a unha emigración auspiciada polo réxime franquista.



Metz (Alemaña), novembro de 1941. Unha comisión do Partido Nacional-Socialista saúda un grupo de traballadores españois chegados a Alemaña.

Para comentar

Os traballadores fan o saúdo fascista ao chegaren a Alemaña de Hitler, daquela aliada da España de Franco.

Que significa este aceno? Por que saúdan deste xeito?



Bonn (Alemaña), decembro de 1963. O Instituto Español de Emigración e o Instituto de Protección ao Traballo envían unha caravana de camións con obsequios para os centros españois en Alemaña.

3

Para comentar

Neste período España favorece a emigración, que se converte na única saída para moitas persoas sen outras posibilidades de traballo.

Por que cres que se favorece isto desde as instancias oficiais?




Madrid, xullo de 1960. Saída dun grupo de mulleres para Australia.

Para comentar

Cal era a situación das mulleres en España nos anos sesenta?

Coa emigración e a incorporación ao mercado laboral no estranxeiro, moitas mulleres conseguen acadar unha emancipación económica e unha independencia que en España era imposible.



Santurtzi (Bizkaia), 1959. 402 persoas españolas embarcan no vapor *Monte Udala* camiño de Australia.

5

Para comentar

A emigración do século xx ten diferentes destinos e emprega distintos medios de transporte. A viaxe en barco a Australia duraba máis dun mes.



Madrid, xuño de 1958. 27 nenos e nenas saen de Barajas rumbo a Canadá para se reuniren cos seus pais e nais, emigrados o ano anterior. Foto: Iglesias

Para comentar

Estes rapaces viaxan sós a Canadá nun voo de máis de doce horas.

Moitos outros nenos e nenas fican en Galicia separados dos seus proxenitores, ao coidado de avós, tíos, padriños ou outras persoas da familia.



Xenebra (Suíza), 1962. Obreiros galegos chegan a Suíza para traballaren na agricultura, na construción e na industria do país. Na foto, no intre de chegaren á cidade en convois especiais.

7

Para comentar

Suíza é un destino preferente para moitos galegos e galegas. A emigración galega é moi prezada no país polo seu esforzo e tesón.



Xenebra (Suíza), 1962. Emigrantes pasan a alfándega á súa chegada á estación de tren de Xenebra.

Para comentar

Aínda hoxe moitos galegos e galegas de segunda xeración, fillos de emigrantes, viven en Suíza plenamente integrados.



Lausana (Suíza), outubro de 1974. Emigrantes galegos protestan polo referendo celebrado en Suíza, que decidía se a poboación inmigrante debía ser expulsada do país.

9

Para comentar

O resultado final do referendo é favorable á permanencia en Suíza de traballadores de fóra, mais tamén a emigración galega sofre o rexeitamento por parte dalgunhas persoas naturais do país.



Maastrich (Holanda), 1963. Algúns mineiros españois non aceptan seguir traballando nas minas holandesas en malas condicións e deciden volver a España. Na foto, algúns deles mercando os derradeiros cigarros de recordo antes de volveren.

Para comentar

Galicia proporciona forza de traballo asalariada para o sector industrial, a minaría e o sector servizos no norte de Europa despois da segunda guerra mundial. A emigración adoita ocupar os postos de traballo de máis baixa cualificación e peor pagados.



Frankfurt (Alemania), 1974. No zoológico de Frankfurt traballa un grupo de galegos. Na foto, un veciño de Ourense, noutro carpinteiro.

11

Para comentar

A emigración tamén é unha fonte de riqueza e un motor de crecemento económico para o país receptor, xa que lle proporciona poboación activa ao seu mercado de traballo.



Nova York, decembro de 1959. O profesor Severo Ochoa co seu equipo despois de lle ser concedido o Nobel de Medicina.

Para comentar

Nos últimos anos a crise volve empurrar moita xente moza cara ao estranxeiro, mais é unha emigración moi diferente á das nosas avoas e avós: trátase dunha mocidade ben formada, que fala idiomas, con acceso ás comunicacións a través de internet, e que en ocasións ocupa postos altamente cualificados e de carácter científico no país de acollida. Este tipo de emigración é moi atípica e infrecuente na década dos sesenta.



Buenos Aires (Arxentina). O coro da Casa de Galicia canta na Noiteboa diante do belén do concello, instalado na avenida de Maio.

13

Para comentar

A comunidade galega en Arxentina ten grande importancia na vida cultural, política e económica do país. A Casa de Galicia é a institución arredor da cal se desenvolven a actividade social e os vínculos dos galegos e galegas na emigración.



Madrid, 1969. 40 galegas e galegos, ademais do presidente da Casa de Galicia en Buenos Aires, chegan a Barajas. Agardan por eles e elas no aeroporto cunha actuación da agrupación artística do Centro Galego de Madrid.

Para comentar

A comunidade galega organízase en sociedades culturais e centros galegos no estranxeiro e noutras zonas de España, coma Madrid, Cataluña ou o País Vasco, que tamén son destino da emigración dos anos sesenta.



A Coruña, 22 de decembro de 1964. Un grupo de 50 emigrantes do país viaxan desde Xenebra nun avión fretado por eles para pasaren o Nadal coa familia. O custo da viaxe é de 240 francos suízos.

15

Para comentar

As persoas emigradas a Europa manteñen de forma máis estreita os vínculos con Galicia ca as emigradas a América, xa que a proximidade e os medios de transporte permiten o retorno estacional a Galicia. Hoxe en día, internet ofrece unha comunicación inmediata para os mozos e mozas que emigran.



1974. Monumento á emigración, obra do escultor Luis Antonio Sanguino, que sería colocado en Nova York.

Para comentar

A emigración galega e o exilio republicano teñen unha grande importancia para a creación cultural: escritores, pintores e artistas realizan parte da súa obra no estranxeiro, incorporando as tendencias da época en Europa e América.



A Coruña. O transatlántico *Montserrat*, procedente de Inglaterra, recala con 550 emigrantes que regresan á terra polo Nadal. Na foto, agardando pola intervención da alfándega.

17

Para comentar

O tren e o barco son os medios de transporte máis utilizados pola emigración durante o século xx. O incremento do poder adquisitivo e a mellora do transporte aéreo e das liñas comerciais facilitan que a partir dos anos sesenta se inicien as viaxes en avión, e tamén en vehículos particulares, ao comezarse a poder dispor deles.



Barcelona, 1969. Milleiros de persoas emocionadas saúdan a xente emigrada en América Latina ao pasaren pola tradicional rambla das Flores.

Para comentar

Galicia é unha das comunidades con maior intensidade migratoria de Europa no século XIX e de España no século XX.



Madrid, 1989. Chega a Barajas un grupo de emigrantes que retornan despois de moitos anos de ausencia.

19

Para comentar

Na década dos oitenta decae o número de persoas que saen de España e comeza o retorno, especialmente daqueles emigrantes que despois de rematar a súa vida laboral no país de acollida volven para viviren a xubilación en España.



Santiago de Compostela, 1990. José Alfredo Luaces Villar chega ao aeroporto da Lavacolla despois de sesenta e oito anos lonxe da súa terra. Foto: A. Suárez

Para comentar

A emigración a América contribúe ao desenvolvemento económico de Galicia, malia que moitas das persoas emigradas nunca retornan, e algunhas só volven pisar a terra nai despois de moitos anos.

Exposición 2





Madrid, 1941. Grupo de xente á porta da Delegación Nacional de Sindicatos para optar a un posible traballo en Alemaña.

Para comentar

Nos anos corenta, co remate da guerra civil, comezan de novo os fluxos migratorios.

España vive un momento de autarquía económica e escaseza, o que empurra moitas persoas a unha emigración auspiciada polo réxime franquista.



Madrid, 1960. Mozas internas nun curso intensivo para marcharen a Australia, organizado polo Instituto Español de Emigración e dirixido pola Comisión Católica Española de Migración. Na foto, recibindo clases de costura.

2

Para comentar

Na España franquista o papel das mulleres é secundario, confinadas á vida doméstica e subordinadas ao matrimonio.

A emigración permite a emancipación de moitas mulleres, que ao saíren ao estranxeiro teñen a oportunidade de se incorporaren ao mercado laboral e acadaren a independencia económica.



Madrid, 1958. Saen de Barajas 27 nenos e nenas, fillos e fillas de emigrantes que marcharan para Canadá o ano anterior. Na foto, intres antes de subiren ao avión. Foto: Iglesias

Para comentar

Moitas familias quedan desfeitas a causa da emigración. Con frecuencia, os nenos e nenas fican en Galicia separados dos seus proxenitores e ao coidado de avós ou padriños.



Santurtzi (Bizkaia), decembro de 1959. 402 persoas de nacionalidade española embarcan no vapor *Monte Udala* para emigraren a Australia.

4

Para comentar

Australia é un novo destino da emigración do século xx, a onde chegaban despois dun mes de viaxe en barco de vapor.



Xenebra (Suíza), 1962. Obreiros galegos chegan a Suíza para traballaren na agricultura, na construción e na industria do país. Na foto, no intre da súa chegada á cidade en convois especiais.

Para comentar

Suíza é un destino preferente para moitos galegos e galegas, país onde o seu traballo resulta moi prezado polo seu esforzo e tesón.



Suíza. Traballadores españois preparando o seu xantar nas cocinas dunha residencia da empresa.

6

Para comentar

Galicia proporciona forza de traballo asalariada para o sector industrial, a minaría e o sector servizos no norte de Europa, despois da segunda guerra mundial. As persoas emigrantes adoitan ocupar os postos de traballo de máis baixa cualificación e peor pagados.



Alemaña. Residencia para emigrantes españois traballadores no sector industrial.

Para comentar

Igual ca na actualidade, moitas persoas emigrantes comparten vivenda para reduciren os gastos ou viven en residencias especiais que facilitan as propias fábricas.



Alemaña, 1974. Traballadores españois na industria.

8

Para comentar

A emigración tamén é unha fonte de riqueza e un motor de crecemento económico para o país receptor, xa que lle proporciona poboación activa ao seu mercado de traballo.



Madrid, 1985. Saen do aeroporto de Barajas 70 familias para buscaren traballo en Australia, único país ese ano que admite inmigración.

Para comentar

Na década dos oitenta decae o número de persoas que saen de España con destino a Europa, mais aínda continúa a saír emigración cara a novos destinos.



Sidney (Australia). Jaime Esteve comenta o menú cunha cliente satisfeita no seu restaurante, o Don Quijote.

10

Para comentar

Moitos emigrantes logran facer fortuna como empresarios. A hostalaría é un dos sectores en que a emigración ten grande éxito.



Virxinia (EE. UU.), 1982. Os investigadores españois Mariano Barbacid e Eugenio Santos xunto con outros colaboradores americanos que traballan no Instituto Nacional do Cancro dos Estados Unidos.

Para comentar

Nos últimos anos a crise volve empurrar moita xente moza cara ao estranxeiro, mais parte da emigración actual é moi diferente á das nosas avoas e avós: trátase dunha mocidade ben formada, que fala idiomas, con acceso ás comunicacións a través de internet, e que en ocasións ocupa postos altamente cualificados e de carácter científico no país de acollida. Este tipo de emigración é moi atípica e infrecuente na década dos sesenta.



Stuttgart (Alemaña), 1973. Un grupo de nenos e nenas de España amosan xoguetes ao fotógrafo nunha escola para fillos de emigrantes.

12

Para comentar

Nalgúns países como Alemaña ou Inglaterra créanse escolas específicas para fillos e fillas de traballadores españois en que o alumnado mantén os vínculos culturais e lingüísticos co seu país de orixe. Moitos destes nenos e nenas retornan cos seus pais a Galicia e moitos outros fican no estranxeiro definitivamente.



A Coruña. Un grupo de 600 emigrantes de Galicia chegan a bordo do buque *Begoña* procedentes de Inglaterra, coa fin de pasaren as vacacións na terra.

Para comentar

A emigración do século xx proporcionalle a Galicia unha fonte de contacto directo e de influencia co que acontece nas principais capitais europeas. Instrumentos musicais, discos, libros e moitos outros obxectos forman parte da equipaxe da xente emigrada.



Pontevedra, outubro de 1959. Mulleres dos asistentes ao II Congreso Español de Emigración a Ultramar, diante do monumento á muller do emigrante, erixido no barrio mariñeiro de Pontevedra.

14

Para comentar

Na emigración a América do século XIX é predominante a saída dos homes, quedando aldeas enteiras con mulleres a cargo das familias, das explotacións agrarias e das casas. Xa na emigración a Europa do século XX, as mulleres marchan cunha intensidade moi semellante á dos homes.



A Coruña, decembro de 1964. Chegada dun grupo de emigrantes de Galicia, traballadores en Suíza, para pasaren as vacacións de Nadal cos seus familiares.

Para comentar

Na década dos sesenta a meirande parte da emigración é de xente nova en idade activa para o mercado laboral.



A Coruña, 1965. Chega ao aeroporto de Alvedro o primeiro avión con traballadores e traballadoras galegas procedentes de Suíza para pasaren as vacacións de verán.

16

Para comentar

O tren e o barco son os medios de transporte máis utilizados pola emigración durante o século xx. O incremento do poder adquisitivo e a mellora do transporte aéreo e das liñas comerciais facilitan que a partir dos anos sesenta se inicien as viaxes en avión, e tamén en vehículos particulares, ao xa comezarse a dispor deles.



A Coruña, 1969. As 84 persoas integrantes da Operación España son recibidas con grande entusiasmo ao chegaren á estación de ferrocarril da Coruña.

Para comentar

A emigración é particularmente intensa no medio rural galego; en moitos casos marchan familias enteiras.



Santiago de Compostela, 1989. 92 emigrantes chegan de volta a Galicia despois de vinte e cinco anos fóra. Na foto, Josefa Andrade baila unha muiñeira no aeroporto da Lavacolla.

18

Para comentar

Coa chegada da democracia, a Xunta de Galicia dedica políticas específicas para atender as persoas emigradas; entre elas están os programas para favorecer o retorno dos emigrantes e os reencontros.



Santiago de Compostela, 1988. Francisco Núñez, de 93 anos, chega desde Cuba xunto con outras persoas galegas procedentes de Ecuador e Paraguai, integrantes da Operación Añoranza. Á súa chegada son recibidas polo daquela presidente da Xunta de Galicia, Fernando González Laxe.

Para comentar

O colectivo da emigración representa unha porción moi considerable do censo electoral, e nalgunha ocasión ten sido decisivo no resultado das eleccións. Isto inflúe para que a clase política e os diferentes presidentes da Xunta de Galicia lle presten especial atención.



Santiago de Compostela, 1990. Retornan á terra 14 emigrantes procedentes de Arxentina, dentro da Operación Reencontros. Foto: Lavandeira.

20

Para comentar

Na década dos noventa intensifícase o retorno de emigrantes, especialmente daquelas persoas que despois de remataren a súa vida laboral no país de acollida volven para viviren a xubilación en España.

//Afundación

Obra Social ABANCA

Sede Afundación A Coruña
Cantón Grande, 8
981 180 065



Material baixo licencia de Creative Commons Recoñecemento-NonComercial 4.0 Internacional



A túa opinión conta!
afundacion.org